



ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO PARA O CURSO 2024-2025

1. Introducción

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos e todas teñen o dereito a coñecelos e usalos en calquera ámbito.

Segundo o establecido no decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 14,3, o proxecto lingüístico de centro deberá ser remitido aos servizos de inspección educativa cada catro anos.

No seu artigo 14.4 indícase que cada ano os centros educativos deben elaborar unha addenda que se engadirá ao Proxecto Lingüístico de Centro no cal se incluírá, entre outros aspectos, o resultado da enquisa ás familias sobre a lingua materna do alumnado dende Infantil ata 4º ESO.

Partindo destas premisas e sendo conscientes da necesidade de fomentar o valor e a riqueza da lingua e a cultura galega, elaboramos a seguinte addenda para o curso 2024-2025.

2. Composición do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Para este curso 2024-2025, o Equipo de DLG está composto polos seguintes membros:

Profesorado:

- Sonia Silva Salinas (Titoría 4º Primaria), coordinadora
- Anxo Rajó Pazó (Lingua Galega ESO)
- Eva Vidal Armada (Titoría 1º Primaria)

- Fátima González González (Titoría 4º Educación Infantil)
- Iria Chapela Malvido (Biología ESO)
- Isabel Martínez Cabaleiro (Dirección)
- M.ª del Carmen Álvarez Lorenzo (Secretaría)
- María Álvarez Nogueiras (PROA+)
- Paulo Pérez Santorio (Música Primaria)
- Raquel González Caamaño (Lingua Gaelega ESO)
- Rubén Nogueira Fos (Lingua Castelá ESO)

Persoal non docente:

- Noelia Novoa Salgado (Conserxaría)

Coordinadora:

Alumnado:

- Daniela Molas Martínez
- Daniela Rial Estévez
- Elia Penedo Pousa
- Laura Amorín Rodríguez
- Noa Durán Domínguez
- Uxía Caurel Rodríguez
- Yissel de los Santos Miniño

3. Contorno sociolingüístico do centro.

Durante a renovación do Proxecto Lingüístico do Centro e, segundo as enquisas realizadas para tal fin, constatouse unha baixa incidencia da lingua galega entre a comunidade educativa, tanto nas familias como no alumnado e mesmo entre o persoal do centro.

A creba xeracional da transmisión da lingua é un feito xa consolidado no concello de Baiona. Os resultados dos usos maioritarios do castelán coma lingua inicial entre o alumnado e as súas familias indica que a perda da transmisión da lingua xa foi efectiva, mesmo na xeración anterior.

Segundo as respostas do noso alumnado, temos unha ampla porcentaxe que amosan certas dificultades para falar en galego, máis que para ler ou escribir, onde tamén presentan algunhas. Concluímos daquela que o noso alumnado non se declara competente en lingua galega.

Neste contexto castelán falante, o centro educativo ten que procurar contextos propicios para que o noso alumnado se poida expresar en lingua galega, pois obsérvase que se emprega máis na casa ca na escola.

No profesorado tamén perviven usos e actitudes que se afastan dun perfil de modelo ecolingüístico.

Existen actitudes negativas sobre a lingua galega que alimentan prexuízos vellos e novos. Observamos como estas ideas negativas, que parten dunha visión nescada da realidade plurilingüe, están presentes en todos os colectivos da comunidade educativa, e moi especialmente entre o noso alumnado.

3.1 Contorna sociolingüística do centro

O centro atópase nun contexto rural situado no centro da Vila de Baiona. Acolle alumnado de tódalas etapas educativas (Infantil, Primaria e Secundaria) e presentan un perfil lingüístico e sociocultural uniforme.

Os habitantes desta vila empregan o galego nun índice moi baixo nas súas relacións sociais e no ámbito familiar xa que o seu uso, na practica maioría, remóntase aos avós ou bisavós. Hai incluso ámbitos nos que o uso do galego é inexistente.

3.2 Situación do profesorado

O uso do galego atende, na maioría dos casos, aos documentos oficiais e as materias que deben ser impartidas en galego. Nas situacións máis informais, a comunicación faise en moitos casos en castelán. Aínda que son conscientes da necesidade de recuperar a nosa lingua e facer un uso maior dela, o uso do castelán é maioritario.

Esta situación pretende mellorarse coa participación activa en actividades e proxectos nos que o uso do galego é primordial.

3.3 Situación do alumnado

O alumnado procede de distintas zonas do concello de Baiona, sobre todo na etapa de Secundaria.

Nos últimos anos contamos cunha ampliación de alumnado de procedencia de fora de Galicia e incluso de outros países onde o uso do galego é inexistente.

Alumnado doutros países	Procedencia	Exentos en galego
22	China, Rusia, Ucraína, Colombia, Venezuela, Uruguai, Portugal, Arxentina, Chile e Italia.	2

En xeral, o alumnado procedente de zonas máis urbanas utiliza menos o galego que o que vén de zonas do rural, aínda que neste caso, o alumnado do rural tampouco soe falar en galego.

Moitos deles fan o esforzo de falalo cando o profesor ou profesora imparte a clase nesta lingua.

O EDLG intenta ampliar o uso do galego entre o alumnado a través de concursos, actividades culturais e proxectos que contribúen a mellorar a actitude e a eliminar prexuízos. Tamén é importante facerlles ver que o uso do galego pode ser importante para o seu futuro laboral e que axuda a coñecer outras linguas.

3.4 Situación do centro

A comunicación externa do centro con outras entidades ou grupos sociais faise integramente en galego ao igual que a comunicación interna nun contexto oficial.

Procura que exista unha oferta equilibrada en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística axeitada nas dúas linguas oficiais.

A contribución do EDLG é axudar a corrixir publicacións e impulsar proxectos comprometidos co uso do galego.

4. Linguas a empregar por áreas /materias nas etapas de Primaria e ESO

1º PRIMARIA

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua galega e Literatura	4	Galego
Lingua castelá e Literatura	4	Castelán
Matemáticas	5	Castelán
Ciencias sociais	2	Galego
Ciencias da natureza	3	Galego
Lingua extranxeira: Inglés	2	Inglés
Educación plástica e visual	1	Castelán
Música e danza	1	Galego
Educación física	2	Galego
Relixión/Proxecto competencial	1	Castelán

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
4	Galego	12	48%
5	Castelán	11	44%
1	Inglés	2	8%
		25	100%

2º PRIMARIA

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua galega e Literatura	4	Galego
Lingua castelá e Literatura	4	Castelán
Matemáticas	5	Castelán
Ciencias sociais	3	Galego
Ciencias da natureza	2	Galego
Lingua extranxeira: Inglés	2	Inglés
Educación plástica e visual	1	Castelán
Música e danza	1	Galego
Educación física	2	Galego
Relixión/Proxecto competencial	1	Castelán

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
5	Galego	12	48%
4	Castelán	11	44%
1	Inglés	2	8%
		25	100%

3º PRIMARIA

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua galega e literatura	4	Galego
Lingua castelá e literatura	4	Castelán
Matemáticas	4	Castelán
Ciencias Sociais	2	Galego
Ciencias da natureza	3	Galego
Lingua estranxeira: Inglés	3	Inglés
Educación plástica e visual	1	Castelán/Inglés SSBB
Música e danza	1	Galego
Educación física	2	Galego
Relixión/Proxecto competencial	1	Castelán

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
5	Galego	12	48%
3	Castelán	10	40%
2	Inglés	3+(1)	12%
		25	100%

4º PRIMARIA

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua galega e Literatura	4	Galego
Lingua castelá e Literatura	4	Castelán
Matemáticas	4	Castelán
Ciencias sociais	3	Galego
Ciencias da natureza	2	Galego
Lingua extranxeira: Inglés	3	Inglés
Educación plástica e visual	1	Castelán/Inglés SSBB
Música e danza	1	Galego
Educación física	2	Galego
Relixión/Proxecto competencial	1	Castelán

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
5	Galego	12	48%
3	Castelán	10	40%
2	Inglés	3+(1)	12%
		25	100%

5º PRIMARIA

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua galega e literatura	4	Galego
Lingua castelá e literatura	4	Castelán
Matemáticas	4	Castelán
Ciencias Sociais	2	Galego
Ciencias da natureza	3	Galego
Lingua estranxeira: Inglés	3	Inglés
Educación plástica e visual	1	Castelán
Música e danza	1	Galego
Educación física	2	Galego
Relixión/Proxecto competencial	1	Castelán

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
4	Galego	12	48%
5	Castelán	10	40%
1	Inglés	3	12%
		25	100%

6º PRIMARIA

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua galega e Literatura	4	Galego
Lingua castelá e Literatura	4	Castelán
Matemáticas	4	Castelán
Ciencias sociais	2	Galego
Ciencias da natureza	2	Galego
Lingua extranxeira: Inglés	3	Inglés
Educación plástica e visual	1	Castelán
Música e danza	1	Galego
Educación física	2	Galego
Relixión/Proxecto competencial	1	Castelán
Educación en valores cívicos e éticos	1	Castelán

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
6	Galego	11	44%
4	Castelán	11	44%
1	Inglés	3	12%
		25	100%

1º ESO

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua galega e literatura	3	Galego
Lingua castelá e literatura	3 + 1 L.D	Castelán
1º Lingua estranxeira	3 + 1 L.D.	Inglés
Matemáticas	4	Castelán
Xeografía e historia	3	Galego
Educación física	2	Galego
Bioloxía e xeoloxía	3	Galego
Relixión/Proxecto competencial (SS.BB.)	1	Castelán/ Inglés
2º Lingua estranxeira	2	Francés/ Portugués
Educación plástica, visual e audiovisual	2	Galego
Tecnoloxía e dixitalización	3	Castelán
Titoría	1	

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
5	Galego	13	52%
4	Castelán	12	48%
			100%

2º ESO

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua galega e literatura	3 +1 L.D.	Galego
Lingua castelá e literatura	3	Castelán
1º Lingua estranxeira	3	Inglés
Matemáticas	4 +1 L.D.	Castelán
Xeografía e historia	3	Galego
Educación física	2	Galego
Física e química	3	Castelán
Música	2	Galego
Relixión/ Proxecto competencial (SS.BB.)	1	Galego/ Inglés
2ª Lingua estranxeira Francés	2	Francés
Tecnoloxía e dixitalización	3	Castelán
Titoría	1	

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
5	Galego	12	46.153%
4	Castelán	14	53.846%
			100%

3º ESO

MATERIA		HORAS	IDIOMA
Lingua galega e literatura		3	Galego
Lingua castelá e literatura		3	Castelán
1º Lingua estranxeira		3	Inglés
Matemáticas		4	Castelán
Xeografía e historia		3	Galego
Educación física		2	Galego
Bioloxía e xeoloxía		2	Galego
Física e química		2	Castelán
Relixión/Proxecto competencial (SS.BB.)		1	Castelán/ Inglés
Educación en valores cívicos e éticos		1	Castelán
Educación plástica, visual e audiovisual		2	Galego
Música		2	Castelán
Titoría		1	
Optativa autonómica (1 materia a escoller)	2ª Lingua estranxeira Francés	3	Francés
	Cultura clásica		Galego
	Educación dixital (SSBB)		Galego/ Inglés
	Oratoria		Galego
	Educación financeira		Galego

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
5	Galego	12 (+3)	48%
6	Castelán	13	52%
			100%

3º PDC

MATERIA		HORAS	IDIOMA
Ámbito científico tecnolóxico	Matemáticas	4	Castelán
	Bioloxía e xeoloxía	2	Galego
	Física e química	2	Castelán
Ámbito lingüístico e social	Lingua galega e literatura	3	Galego
	Lingua castelá e literatura	3	Castelán
	Xeografía e historia	3	Galego
	1º Lingua estranxeira	3	Inglés
Educación física		2	Galego
Relixión/ Proxecto competencial (SS.BB.)		1	Castelán/ Inglés
Educación en valores cívicos e éticos		1	Castelán
Titoría		1	
Optativa autonómica (1 materia a escoller)	2ª Lingua estranxeira Francés	3	Francés
	Cultura clásica		Galego
	Educación dixital (SSBB)		Galego/ Inglés
	Oratoria		Galego
	Educación financeira		Galego

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
5	Galego	10 (+3)	48%
6	Castelán	11	52%
			100%

4º ESO

MATERIA		HORAS	IDIOMA
Lingua galega e literatura		3	Galego
Lingua castelá e literatura		3	Castelán
1º Lingua estranxeira		3	Inglés
Matemáticas A / Matemáticas B		4	Castelán
Xeografía e historia		3	Galego
Educación física		2	Galego
Relixión/ Proxecto competencial (SS.BB.)		1	Castelán/ Inglés
Titoría		1	
Materias de opción de 4º (4 materias a escoller)	Biloxía e xeoloxía	3	Galego
	Física e química		Castelán
	Formación e orientación persoal e profesional		Castelán
	Latín		Galego
	Economía e emprendemento		Galego
	Expresión artística		Galego
	Música		Castelán
	2ª Lingua estranxeira Francés		Francés
	Tecnoloxía		Castelán
	Dixitalización		Galego
	Intelixencia artificial para a sociedade		Galego

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
3	Galego	8 (+12)	50%
3	Castelán	8 (+12)	50%
		16 (+12)	100%

4º PDC

MATERIA		HORAS	IDIOMA
Ámbito científico tecnolóxico	Matemáticas	4	Castelán
	Biloxía e xeoloxía	3	Galego
	Física e química	3	Castelán
Ámbito lingüístico e social	Lingua galega e literatura	3	Galego
	Lingua castelá e literatura	3	Castelán
	Xeografía e historia	3	Galego
	1º Lingua estranxeira	3	Inglés
Educación física		2	Galego
Relixión/ Proxecto competencial (SS.BB.)		1	Castelán/ Inglés
Titoría		1	

Materias de opción de 4º (2 materias a escoller)	Formación e orientación persoal e profesional	3	Castelán
	Latín		Galego
	Economía e emprendemento		Galego
	Expresión artística		Galego
	Música		Castelán
	2ª Lingua estranxeira Francés		Francés
	Tecnoloxía		Castelán
	Dixitalización		Galego

MATERIAS	IDIOMA	HORAS	PORCENTAXE
4	Galego	11 (+6)	50%
3	Castelán	11 (+6)	50%
		22 (+6)	100%

5. Obxectivos

O obxectivo principal do Equipo de Dinamización da Lingua Galega é potenciar o uso do galego tanto no centro educativo como na contorna. A continuación especificamos os obxectivos principais de cada ámbito onde deben incidir:

Contorna do centro

- Dar visibilidade aos proxectos e actividades do centro e doutras entidades para transmitir o compromiso do centro coa nosa lingua.
- Recuperar, como lingua vehicular, o uso do galego.
- Manter informada á comunidade educativa dos acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, concursos...
- Mellorar o prestixio social da nosa lingua.

Situación do alumnado

- Promover a lectura, a fala, a comprensión e a escritura na lingua propia da nosa comunidade.
- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- Eliminar os prexuízos que aínda perduran sobre o uso do galego en ámbitos en que o castelán ten maior peso.
- Acadar para o galego a categoría de lingua social equiparando o seu prestixio ao do castelán.

Situación do profesorado

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no centro.
- Afianzar a expresión oral e escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro así como toda a documentación empregada a nivel interno.

- Facilitar a integración do alumnado inmigrante que descoñeza a lingua galega atendendo a súa inmersión lingüística.
- Manter e promover relacións abertas con outras institucións, co Concello, asociacións veciñais, ANPA e outros equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Establecer liñas de traballo conxuntas entre os diferentes ciclos e departamentos para mellorar a corrección lingüística tanto en galego coma en castelán.
- Empregar o galego nas TICs para que o alumnado se familiarice con el fóra do plano estritamente académico.

6. Actividades

Neste apartado faremos unha exposición das diferentes actividades que están en marcha durante o presente curso escolar 2024-2025 e que se terán en conta para seguir con elas nos vindeiros anos.

Todas elas van encamiñadas a facer unha labor positiva na promoción e dinamización da nosa lingua en tódolos ámbitos, implicando a todo o profesorado e alumnado do centro así como as familias.

6.1 Conmemoracións

Magosto: en colaboración co Equipo de convivencia, organizáronse unha serie de xogos tradicionais para levar a cabo no patio escolar do centro. En colaboración coa ANPA do centro, repartiuse castañas asadas para todo o alumnado do centro no pavillón escolar.

Samaín: o alumnado participou nun concurso de microrrelatos de medo en galego dende cuarto ata 4º da ESO. O EDLG en colaboración co Equipo de Biblioteca, puxeron diferentes exemplos de microrrelatos polos corredores do centro. O alumnado de infantil e ata terceiro de primaria fixeron un "quitamedos" que foi queimado na fogueira do Magosto. O alumnado veu disfrazado esa semana.

O alumnado da ESO fixo un contacontos para o alumnado de infantil e primeiro ciclo de primaria con títulos tales como "Un vampiro perigozo", "Momia Gosetía" ou "A Pantasma das bragas rotas".

Para todos os demais grupos gozaron da obra de teatro "O documento" (obra adaptada de Ánxel Fole) representada polo grupo de teatro de secundaria.

Día da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia: actividades dirixidas a todo o alumnado propostas polo Departamento de Lingua Galega e Castelá do centro.

Nadal: concurso de postais de Nadal onde o alumnado, dende infantil ata 4º da Eso deben representar un debuxo natalicio con elementos típicos dunha paisaxe de Galicia, incluíndo elementos tales como hórreos, Apalpador, faros, castros... Outorgouse un premio por ciclo. As postais foron expostas durante todo o mes de Decembro polos corredores do centro.

Ademais tamén tivo lugar na derradeira semana, dúas obras de teatro en galego no salón de actos do centro da cal gozaron todos os alumnos e alumnas do centro. As obras foron "Unha lección a medida para Aldara" de Anxo Rajó e "Adolescente" de Lucía Abril do Bantón (alumna).

Certame literario Dolores Agrelo: este certame faise tódolos anos en colaboración coa ANPA. O alumnado deberá facer un relato en galego que se entregará ata o 20 de febreiro e se resolverá o 28.

Día de Rosalía de Castro: para o vindeiro 23 de febreiro, día de Rosalía de Castro, está propostas as seguintes actividades:

- Elaboración dun documento unificado sobre a importancia da figura de Rosalía de Castro no contexto da literatura galega e universal.
- Proposta de actividades variadas (encrucillados, sopas de letras...) e traballos de investigación sobre a autora.
- Comentarios guiados dalgún poema con propostas de vídeos de poemas musicados e explicacións sobre os seus contidos.
- Actuación teatral baseada no "Conto Gallego", a única obra en prosa en galego de Rosalía de Castro.

Estas actividades están orientadas a todos os niveis educativos.

Sinalar que haberá unha visita á casa museo de Rosalía o 29 de abril para o alumnado de 3º da ESO e para o alumnado francés que se atopa no centro polo intercambio a Pornic. Esta actividade está financiada pola Deputación de Pontevedra.

Semana do Meco: do 24 ao 27 de febreiro faremos a semana do Meco. Este ano, como as actividades do centro xiran entorno a obra de Jules Verne, o Meco vestirase cada día dun país, facendo referencia aos lugares que visitaron os protagonistas do libro "A volta ao mundo en 80 días".

Entroido: aínda que se propoñía facer un desfile polas rúas, isto non puido ser debido a que o Entroido coincide coa festa da Arribada. Polo tanto, farase un desfile no pavillón escolar o 28 de febreiro para todas as familias con disfraces relacionados coa obra de Jules Verne e con coreografías para facer máis divertida a presentación as familias. Este evento estará amenizado polo conxunto instrumental do coro do centro.

Día do libro: o 23 de abril, en colaboración co equipo de biblioteca, farase un apadriñamento lector onde o alumnado máis maior apadriñarán aos máis cativos para compartir lecturas no patio escolar.

Letras Galegas 2025: A Real Academia Galega dedicará no ano 2025 o Día das Letras Galegas ao cancionero popular galego. Dende EDLG queremos dedicarlle toda a semana as Letras Galegas e non só no propio día.

Propoñemos como actividades:

- Teatro en galego polo grupo de teatro da ESO.
- Visita-taller do grupo de Baile Galego de Baiona.
- Obradoiro de pandereta e percusión para todos os niveis educativos.
- Actuación do coro e conxunto instrumental no patio do centro (Himno Galego).

6.2 Outras actividades desenvolvidas en galego para todo o profesorado e alumnado.

Proxectos de innovación educativa: este ano lanzamos dende EDLG a actividade "A palabra da semana" que pretende abrir unha porta máis ao uso do galego nas aulas. Permite coñecer novo vocabulario con palabras que son poucos usadas ou completamente descoñecidas polo alumnado. Nesta actividade participa todo o alumnado e profesorado do centro e intenta facer partícipe tamén as familias.

Timbre musical: aproveitamos as diferentes conmemoracións para escoitar música en galego a través do timbre. Tamén se aproveita o altofalante para recitar poemas, pequenos relatos, anuncios...

Polos creativos: este ano estase utilizando a "Radio na Escola" para comezar a facer uso da mesma coa finalidade de achegar a nosa lingua a todo o alumnado a través dun medio de comunicación anecdótico.

Club de lectura: a través do Equipo de Biblioteca, existe un club de lectura onde se fomenta as lecturas en galego. Neste club participa profesorado, alumnado e familias.

Novas tecnoloxías: a través da web do centro facemos chegar en galego información relacionada co centro. Tamén temos moito material en polos creativos para apoiar as diferentes actividades que se fagan no centro.

Colaboración con outros centros: existe unha comunicación con outros centros do Val Miñor (Fontes, Sabarís e Belesar) para levar en conxunto actividades que abranguen a todo o alumnado do centro (exposicións, teatro, festividades...)

Intercambio Coristanco: a través do proxecto "Observación-acción" houbo un intercambio co profesorado do centro CPI Alcalde Xosé Pichel onde observamos que unha alta porcentaxe do alumnado fala en galego (86%). Por ese motivo, este curso o alumnado do noso centro está elaborando un intercambio de cartas escritas en galego co alumnado do centro de Coristanco.

Coro do centro: o coro acompaña as conmemoracións que se celebran no centro na procura de facer uso dalgunha canción en galego.

Semana da Ciencia: no mes de Abril, como tódolos anos, terá lugar a Semana da Ciencia onde a información que nela se expoña será en galego. Ademais, reservarase un oco para facer unha exposición por parte de EDLG.

Teatro: como xa nomeamos anteriormente, existe un grupo de teatro impulsado polo Departamento de Lingua Galega e Castelá onde as obras que se traballan son coidadosamente presentadas en galego.

Recomendacións lectoras: a través do Equipo de Biblioteca fanse recomendacións lectoras onde se expoñen tanto títulos en galego como castelán para acercar as familias a unhas opcións lectoras para os seus fillos e fillas. Tamén se elaboran podcats coa rapazada do club de lectura.

Busca do tesouro: o Equipo de Biblioteca organiza buscas do tesouro arredor de Jules Verne e a súa obra, onde o alumnado recibe a información en galego e responde tamén en galego.

Frases en galego: nos corredores do centro, expoñemos imaxes a cor con diferentes frases típicas de Galicia e co seu significado debaixo ("Nin arre nin so", "Outra vaca no millo", "Estar feito un toxo", "Marcho que teño que marchar"...). Este pode ser unha actividade para a semana da ciencia onde o alumnado debe unir a oración co seu significado que se mostrarán por separado.

Quérote mais: o alumnado de primeiro prepara unha canción en galego "Quérote mais" do sonoro Maxín para agasallar a persoa que elixan no día de San Valentín.

Apadriñamento lector: farase unha vez ao trimestre e se aproveitar para fomentar o gusto pola lectura en ambas linguas, galego e castelán, por igual.

A ciencia de Verne en galego: para a semana da ciencia, o alumnado de 3º da ESO está lendo 20.000 leguas de viaxe baixo os mares en galego para expoñer e explicar diferentes aspectos científicos relacionados coa obra verniana en galego. Deste xeito, fomentamos o uso do galego nun campo tradicionalmente esquivo co galego, a Ciencia, normalizando o seu uso como vía de comunicación.

Investiga en galego: o alumnado de 1º da ESO fará unha enquisa sobre o uso da auga entre a familia e os veciños para despois analizar e expoñer eses datos en galego.

Visita de autores: este curso visitaron o centro algún autor dos libros de lecturas obrigatorias que se len nas titorías tanto de primaria como de secundaria (Antía Yáñez, Leticia Costas, María Canosa...)

Revista Papagaio: continuamos coa subscrición a revista Papagaio que está escrita en forma de xornal escolar. É mensual e está integramente escrita en galego. A información móstrase de forma atractiva para o alumnado e consegue enganchalos para ler e comentar en galego.

Nomear as aulas: durante este curso tentaremos nomear algunha aula específica (Salón de actos, sala do profesorado, aula de música...) con nome dunha persoa destacada galega que sexa coñecida por todos e todas. Ademais do nome porase información sobre a biografía desta persoa a través dun enlace cun código QR.

7. Inclusión no proxecto lingüístico de centro

Esta addenda será incluída no PLC sendo informada a Comunidade Educativa do seu contido e remitida aos servizos de inspección nos prazos legalmente establecidos.